

Ditames Comisión asesora PEPRI entre o 01/10/2021 e o 31/12/2021

1. Praza España núm. 9

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm.: 9026009 PE

Actuación proxectada: Reestruturación e ampliación do edificio.

Obxecto da consulta: Construír unha bufarda no lugar onde estaba a desaparecida polo lume, e crear unha terraza na fronte do alzado principal. Alegan contra o ditame sobre a prohibición de eliminar o muro de fachada nos andares engadidos.

Ditame:

Este edificio atópase no contorno BIC e no contorno do Conxunto Histórico declarado. O artigo 143.2, parágrafo 6 dispón que neste ámbito non se autoriza realizar novas bufardas, polo que unha vez eliminada a que existía non se pode construír unha nova sobre a nova planta que se proxecta engadir.

Esta nova planta non é unha planta con corpo voado sobre a fachada polo que non procede que se dispoña a galería que se proxecta.

Nas plantas 1ª, 2ª e 3ª non aparece o muro da fachada do edificio sobre o que se colocarán os corpos voados acristalados que son as galerías.

Por todo o antedito proxectadas infórmanse desfavorablemente e rexéitanse as alegacións da interesada.

2. Travesía Cordelería, núm. 1

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm.: 8322308.

Actuación proxectada: Mellorar a accesibilidade e instalar un ascensor.

Obxecto da consulta: Estudo das alegacións que se presentan ao ditame para eliminar as dúas escaleiras do portal.

Ditame:

O portal deste edificio é obxecto de protección segundo consta na súa ficha de catálogo.

Nesta situación e para garantir melloras na accesibilidade autorízase unha intervención mínima imprescindible destinada a dispor un ascensor. Porén o resto do espazo do portal debe ser conservado, a porta de madeira divisoria debe permanecer na situación na que se atopa, coma todos os elementos desde espazo desde a dita porta ata a porta de acceso.

Deben eliminarse, pola contra, os elementos descontextualizados coma a porta de aluminio do cuarto das instalacións.

A rampla para salvar os chanzos do devandito espazo debe ser portátil e accesoria, non permanente.

3. Praza María Pita; núm. 5

Nivel de protección: IV Integral. Ficha núm.: 9124402.

Actuación proxectada: Reforma interior dunha vivenda.

Obxecto da consulta: Posibilidade de eliminar tabiques e portas, substituír as portas existentes e instalar unha tarima flotante sobre a baldosa hidráulica.

Ditame:

As obras proxectadas infórmase favorablemente coas seguintes condicións:

- Pódense substituír as portas que non teñan especial interese.
- Pode colocarse unha tarima de madeira sobre a baldosa hidráulica sempre que se preserve esta en condicións axeitadas para o seu mantemento e posterior recuperación ao eliminaren a dita tarima.

4. Rúa Real núm.66, 4º.

Nivel de protección: Ambiental arquitectónica. Ficha núm.8622323. Envolve da cuberta (AC) e Tratamento baixo (TB).

Actuación proxectada: Reforma integral da oficina para implantarlle unha nova vivenda.

Obxecto da consulta: Sobre a modificación das ventás ao patio e o uso da cor negra nestas.

Ditame:

A modificación das ventás que se solicita infórmase favorablemente se se dispoñen en cor branca.

Non se admite a cor negra que se solicita polo que deberán emendar a solicitude respecto desta.

5. Rúa Panadeiras núm. 59, 5º.

Nivel de protección: V Interese ambiental. Ficha núm.8825002

Actuación proxectada: Legalizar a ventá da medianeira.

Obxecto da consulta: Admisibilidade do novo oco.

Ditame:

A ventá que se abre dentro do marco do oco que existe con acristalamento opaco, para ventilar e iluminar o espazo, non vulnera as determinacións do Plan Especial.

Se a ubicación desta prodúcese conflitos de titularidade dominical ou de servidumes, a competencia para resolvelos é da xurisdición civil.

6. Rúa Orzán, núm: 65.

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 8523109.

Actuación proxectada: Reforma interior de 5 vivendas.

Obxecto da consulta: Admisibilidade das modificacións que se proxectan no semisoto para dispor un baño almacén para o uso da vivenda da planta baixa, e na configuración da nova carpintaría.

Ditame:

As modificacións interiores infórmanse favorablemente se se acredita que se observan as condicións de habitabilidade que establece o Decreto 29/2010 que regula as condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia.

Respecto da fachada, tendo en conta que se trata da rehabilitación integral deste edificio, deben eliminarse os elementos desconformes consonte o previsto no artigo 32.3 que dispón *que nas actuacións xerais na edificación definidas no artigo 55, agás as de conservación, mantemento e reparación, levarán consigo obrigatoriamente a adecuación dos elementos desconformes sinalados no plan.*

Nos planos que se achegan non se reflicte o muro da fachada do edificio sobre o que se dispón a galería que é un corpo voado acristalado que se coloca sobre a fachada.

As ventás serán de madeira pintada, sistema de guillotina e acristalamento sinxelo. O illamento que se proxecte realizárase no interior ou na fachada do edificio.

Por todo o antedito, a rehabilitación da fachada consonte a documentación que se achega infórmase desfavorablemente mentres que non se emende esta proposta.

7. Rúa Estreita San Andrés num.13

Nivel de protección: Ambiental. Ficha núm.8724305 (TB)

Actuación proxectada: Reconstruír o edificio co engadido dunha planta á configuración orixinal.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame sobre a posibilidade de construír unha bufarda na situación da que existiu no edificio orixinal; construción de galerías na planta segunda e terceira e a fachada posterior segundo as dúas opcións que se achegan.

Ditame:

Proxéctase engadir unha planta ao edificio, sobre a fachada desta planta pódese dispor unha galería de composición simple, coas características establecidas no artigo 115 do PEPRI, de madeira pintada, con ventás de guillotina e acristalamento sinxelo. O illamento que se proxecte realizárase no interior ou na fachada do edificio.

A galería da primeira planta ten que reproducir a orixinal consonte o recollido na ficha do catálogo que lle corresponde ao edificio.

En todo caso a galería debe dispoñerse como tal, como un corpo acristalado sobre os muros da fachada, o que non se reflicte nos planos que se achegan porque non se recolle o muro da fachada completa.

Sobre a cuberta pódese construír unha nova bufarda consonte o artigo 118. Bis do PEPRI, na posición, recuado e dimensións que recolle o dito precepto, toda vez que o edificio non se atopa nin nun contorno BIC nin nun contorno do Conxunto Histórico declarado.

Neste caso, a bufarda garantirá a iluminación do espazo polo que non se xustifica que tamén se recollan os ocos da cuberta destinados a ventás tipo velux, polo que debe considerarse unha opción ou a outra.

O proxecto que se achega deberá emendarse consonte o informado.

8. Rúa Real, núm. 2-1º.

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Substituír a carpintería exterior por outra de perfilaría de aluminio lacada en branco en disposición de galería.

Obxecto da consulta: A admisibilidade da proposta de instalar unha carpintería de aluminio con disposición de galería.

Ditame:

O edificio ubícase nun contorno BIC, polo que a carpintería deberá ser de madeira en cor branca.

A intervención na fachada ten que respectar o ritmo e a composición do edificio, sen unha nova galería, impropia neste caso.

Recoméndase, polo sinalado, estudar outra composición da fachada, eliminando o elemento impropio: o aleiro do 1º piso.

9. Rúa Picos, núm.8

Nivel de protección: Sen protección-

Actuación proxectada: Abrir ocos na fachada lateral

Obxecto da consulta: Informe de viabilidade do proxectado.

Ditame:

Considérase que resulta viable abrir ocos novos na fachada lateral deste edificio, porén deberá presentarse un proxecto que permita coñecer a intervención e avaliar se se acomoda á normativa.

10. Rúa San Agustín, núm.13.

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Illar a fachada e medianeiras con sistema SATE.

Obxecto da consulta: Eliminar os elementos desconformes da fachada.

Ditame:

Este edificio ubícase no contorno de respecto BIC polo que as molduras da fachada e os elementos característicos desta teñen que conservarse, o que obriga a que o illamento se realice polo interior dela.

Nas fachadas medianeiras, infórmase favorablemente que se illen co sistema SATE que se solicita.

11. Rúa San Andrés, núm: 45-47

Nivel de protección: ambiental. Fichas núm.: 8724005 y 8724004

Actuación proxectada: Reestruturar, ampliar e unir funcionalmente dous edificios.

Obxecto da consulta: Proposta de obras segundo o ditame da comisión, en parte, xa que se mantén unha das construcións do patio e abren a medianeira ao patio lindeiro.

Ditame:

Xustifícase a proposta que se achega e se informa favorablemente a apertura que se proxecta cara ao patio lindeiro, porén non se considera autorizable a colocación dun cristal nesta fachada pola imposibilidade de garantir unha limpeza e mantemento axeitados e continuos.

Deberá achegarse o plano de alzado que recolla unha proposta de intervención sen o dito elemento.

12. Paseo Dársena 2

Nivel de protección: Estrutural. Ficha núm.: 9321901

Actuación proxectada: Dispor letreiros corporativos no edificio do hotel NH Colección Finisterre segundo o ditame.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta que se presentou.

Ditame:

A disposición dos rótulos da actividade do edificio recolle as consideracións dos ditames desta Comisión en aplicación da normativa do PEPRI polo que se informa favorablemente a solicitude que se achega.

13. Rúa Nova núm: 6, baixo

Nivel de protección: Ambiental (IV). Ficha núm: 8522401.

Actuación proxectada: Rehabilitar a fachada.

Obxecto da consulta: Estudar a nova proposta que se achega consonte co ditame da Comisión.

Ditame:

A nova proposta que se presenta recolle o contido dos informes desta comisión e acomódase ao réxime establecido para este edificio, polo que se informa favorablemente.

14. Rúa Zapatería num.7-9

Nivel de protección: Ambiental. Ficha núm.9323225

Actuación proxectada: Reconstruír o edificio.

Obxecto da consulta: Compatibilidade da cuberta que se proxecta coa normativa no encontro coa galería a modo de cornixa de formigón.

Ditame:

Proxéctase reconstruír este edificio pero non se documenta a intervención, nomeadamente na fachada, de xeito que se poda avaliar se se acomoda coa normativa do plan Especial.

Malia o dito, pódese adiantar que consonte o artigo 11.3 as cornixas interpretarán cun deseño actual as solucións tradicionais predominantes. Poden realizarse con formigón cunha anchura máxima de 0,30 m. desde do arranque do plano da fachada.

Non se admite a prolongación da estrutura de formigón ata a cornixa tal como se presenta.

As cumieiras dos edificios non están representadas ao eixo de cada unha delas o que vulnera o establecido no artigo 97 do PEPRI.

As portas da planta baixa, a reixaría e os demais elementos da fachada que se teñen que conservar, non se definen nin se xustifica o xeito de mantelos, reparalos e conservalos.

Para avaliar a viabilidade da reconstrución que se solicita deberá mellorarse o proxecto consonte o establecido no dito artigo 23 do PEPRI.

15. Rúa Porta de Aires, núm.27

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha núm: 9324312

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio.

Obxecto da consulta: Recurso contra a denegación da licenza *toda vez que presenta as plantas altas cunha ocupación prolongada sobre o espazo dunha edificación auxiliar existente en planta baixa a carón do edificio principal e que se presenta coma se fora un espazo deste, o que non pode admitirse ao non preverse o dito incremento da construción en altura*. Avaliación da ocupación segundo as opcións que achega.

Ditame:

Logo de estudar as alegacións que presentou a interesada e logo de que os servizos municipais inspeccionasen o edificio, compróbase que no plano de codificación existe unha interpretación sobre o grao de ocupación que non se axusta a realidade xa que non se detecta diferenza entre o que dito plano identifica como edificación principal e edificación complementaria. Aspecto este que foi tido en conta no ditame da anterior Comisión sobre este asunto.

Porén do resultado da inspección pode concluírse que ningunha delas pode considerarse exclusivamente como principal, senón quen ambas as dúas teñen semellante configuración e destino inicial, polo que cómpre estimar as alegacións da interesada e informar favorablemente a posibilidade de tratar estas co mesmo criterio aos efectos da ocupación como se solicita.

16. Rúa Rego de auga num. 37.

Nivel de protección: I Monumental . Ficha núm: 9222105.

Actuación proxectada: Restaurar as fachadas da Biblioteca Provincial

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta das cores da fachada proxectada en branco, dos materiais das baixantes de cinc-titanio, e dos materiais dos voos forrados co cinc e sobre o esmalte da forxa que se proxecta en cor gris clara.

Ditame:

Infórmase favorablemente a proposta de cores que se presenta para restaurar as fachadas do edificio, agás no que respecta ao esmalte da forxa, que non se admite pois deberá manter a súa cor actual.

17. Praza Parrote nº 3

Clasificación do solo: Urbano Consolidado

Actuación proxectada: Reestruturar o edificio.

Obxecto da consulta: Admisibilidade da proposta de illar a fachada e abrir un oco na cuberta que non se define.

Ditame:

Logo de estudar o documento que se achega coa solicitude compróbase que non se define nin xustifica o illamento que se proxecta no interior da fachada, o que impide emitir un ditame.

Cómpre lembrar á solicitante que o oco que se proxecta non pode ser visible desde o viario público, e que debe documentar nomeadamente o remate deste, con planos das seccións e memoria dos materiais da cubrición.

18. Rúa Juana de Vega num. 11.

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8319009

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio existente.

Obxecto da consulta: Estudar a proposta de substituír as galerías. Achégase o mal estado da traseira e non o da fachada principal.

Ditame:

A galería da fachada principal deste edificio, que conta con protección integral non se pode substituír senón que debe restaurarse, aínda que sexa preciso retirala para tratala nun taller e colocala de novo.

A fachada posterior pode substituírse coas mesmas condicións e características cá existente: as ventás serán de guillotina e acristalamento sinxelo.

O illamento realizarase na fachada do edificio ou no interior, non no elemento voado acristalado.

19. Rúa Alameda, núm.17-2 izda.

Nivel de protección: II Integral .Ficha núm. 8220303

Actuación proxectada: Reforma interior da vivenda.

Obxecto da consulta: Avaliar a distribución proposta e a conservación dos elementos característicos.

Ditame:

A reforma interior da vivenda axústase ás condicións establecidas polo que se informa favorablemente.

20. Rúa Orzán num. 163-165

Nivel de protección: Ambiental. Ficha núm: 8221204

Actuación proxectada: Instalar un ascensor

Obxecto da consulta: Estudar a nova proposta que se achega consonte o anterior ditame.

Ditame:

As obras que se solicitan coas modificacións que se presentan infórmanse favorablemente.

21. Rúa Juana de Vega, núm. 23

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm: 8319003

Actuación proxectada: Reforma do local comercial, instalar caixeiros nos ocos das fachadas e colocación dos rótulos.

Obxecto da consulta: Condicións dos rótulos da fachada que se proxectan en vinilo e luminosos e a admisibilidade de dispor caixeiros en dous ocos da fachada. Avaliar se se esixe a carpintaría de madeira nas portas dos balcóns da primeira planta, actualmente de aluminio, e a retirada da persiana que existe diante da porta de acceso.

Ditame:

A colocación dos caixeiros infórmase favorablemente, non así o tratamento das carpintarías que se proxectan neste edificio que conta con protección estrutural, e que consonte o artigo 115 do PEPRI teñen que ser de madeira pintada.

No oco de acceso debe disporse a porta de madeira e os elementos de metal de seguridade deberán colocarse no interior sen que afecten a percepción exterior da dita portal

Os rótulos teñen que observar as condicións establecidas no artigo 124 do PEPRI, que permite o uso de vinilo.

Prohíbense os rótulos luminosos.

22. Rúa Amargura, núm.15

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm.: 9223207

Actuación proxectada: Reestruturación xeral do edificio.

Obxecto da consulta: Admisibilidade da reforma dos tabiques e do portal catalogado, e da nova configuración da fachada posterior, e do acristalamento da planta baixa da fachada principal.

Ditame:

1º A Comisión avalia positivamente os criterios de intervención deste proxecto, malia que antes de todo a interesada deberá tramitar e realizar as sondaxes avaliativas vencelladas ao foxo do ascensor e ao sumidoiro, e tamén sobre os paramentos da zona dos arcos do edificio, que poden dar lugar a modificacións do proxecto.

2º No que respecta as galerías, que deben axustarse ao artigo 115 do PEPRI, o documento técnico ten que representar as dimensións do voo e o muro da fachada do edificio sobre o que se dispoñen estes corpos voados acristalados.

3º Así mesmo, o tratamento cromático, consonte o previsto na normativa, deberá xustificarse e determinarse na documentación técnica.

23. Rúa Orzán núm.132 e rúa Cordelería 33.

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm.8423001/8423002

Actuación proxectada: Reestruturar e unir funcionalmente os dous edificios.

Obxecto da consulta: Avaliar as alegacións que se presentan contra o ditame anterior sobre a unión funcional, a apertura de ocos na medianeira, incrementar o número de vivendas e estudos; nivelar as alturas dos forxados das novas vivendas en planta baixa, que incumpren as

condicións de habitabilidade. Respecto da obriga de tratar a planta ático segundo prevé a ficha.

Ditame:

Logo de estudar as alegacións da interesada, compróbase que falta a achega do estudo histórico de todo o edificio, non só do que representa a unión dos edificios, sen o cal non se resolverá o solicitado.

Con todo pódese informar o seguinte:

1º Pode estimarse, neste caso, no que aparece a unión dos edificios como un suposto de recuperar a situación inicial destes, coa súa unión funcional. Acredítase cos planos de planta orixinais que a parcela 06, que ten unhas dimensións de 36m², xuntouse orixinalmente co edificio da parcela 01, situación que se percibe ao inspeccionar a planta segunda, aberta actualmente.

2º Os forxados teñen que manter a súa posición orixinal, e tratándose de intervir nun edificio que conta con protección estrutural a interesada ten que achegar a documentación relativa a esta estrutura orixinal e xustificar como se mantén este sistema.

3º As vivendas nas que se dividen as plantas do edificio non se acomodan ás condicións establecidas no artigo 129.2 do PEPR e Decreto 29/2010 que establece as condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia, polo que a excesiva división que se presenta infórmase desfavorablemente.

4º A planta ático ten que executarse consonte recolle a ficha do catálogo que lle corresponde ao edificio.

24. Praza Ángeles, núm.8.

Nivel de protección: Ambiental (I). Ficha núm: 9223002. Planta engadida galería (PEG)

Actuación proxectada: Legalización de obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar.

Obxecto da consulta: Condicións de reposición da legalidade e da legalización.

Ditame:

A Comisión solicitou estudar os antecedentes da situación do edificio antes de que se rehabilitase, polo que se comprobou que se declarara a súa situación de ruína por Decreto do 23-05-2011.

Consta que a estrutura non existía en parte, e o edificio atopábase con risco de colapso.

Desta situación derívase a obriga de rehabilitar.

A propiedade intervéñ no edificio para rehabilitalo para o que solicitou o 07-07-2015 licenza para construír unha vivenda unifamiliar, que denegou o tenente de alcalde responsable da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible, o 23.01.2019.

Ao tempo que se tramita o procedemento de legalización obxecto deste ditame, rematouse o procedemento de reposición da legalidade pola execución das obras sen licenza,

622/2016/117, coa orde do Director da Área de Rexeneración Urbana de derruba da totalidade das obras executadas e a reposición ao estado anterior á execución destas; e o requirimento de que presentasen o proxecto técnico que recollese as obras de derruba e reconstrución necesarias para repoñer o volume preexistente do seu estado orixinal .

As resolucións municipais foron recorridas pola interesada ante o xulgado Contencioso-Administrativo, PO núm. 152/2019 no que se ditou sentenza número 158/2020 do 22-12-2020 que desestima o recurso declara a conformidade da orde de derruba.

Nesta situación para resolver a reposición da legalidade e o alcance da derruba a Comisión realiza as seguintes consideracións:

1º A situación anterior a estas obras de rehabilitación, era a ruína do edificio co seu colapso estrutural, polo que o acordo de volver a situación anterior ten que entenderse como a volta á obriga de rehabilitar e non a colocar ao edificio na situación na que se atopaba.

Os termos estritos levarían á derruba dun edificio catalogado, e pola outra banda deberase atender ao contido da sentenza número 158/2020 do 22-12-2020, respecto do fundamento deste acordo.

2º A orde de reposición refírese ao volume preexistente, maila que se debe avaliar que a ficha prevé o engadido dunha planta.

3º Neste expediente de legalización débese avaliar o alcance das obras que se deben executar para acadar estas, e a xustificación, se fora o caso, do executado, sen prexuízo de que se tramite o procedemento sancionador que proceda.

25. Rúa San José, núm.16, baixo.

Nivel de protección: IV Ambiental .Ficha núm. 9027233

Actuación proxectada: Recuperar o oco tapiado na fachada da planta baixa e colocar carpintería de aluminio bronce

Obxecto da consulta: Compatibilidade neste caso co artigo 115 do PEPRI.

Ditame:

Infórmase favorablemente que se recupere o oco que se solicita.

O artigo 115 do PEPRI establece que nos edificios catalogados a carpintería será de madeira pintada.

A carpintería da fachada que non se acomoda á normativa, deberase substituír no intre en que as condicións de conservación da existente así o aconsellen por carpintería de madeira consonte o establecido na normativa.

26. Rúa Cantón pequeno , núm.1.

Nivel de protección: I Monumental .Ficha núm. 8420201

Actuación proxectada: Colocar lamas na cuberta para impedir a vista das instalacións e instalar iluminación nestas para representar o logotipo do Banco Santander, retirando o letreiro do Banco Pastor. Retirar os elementos desconformes no patio.

Obxecto da consulta: Admisibilidade destas propostas.

Ditame:

O edificio conta con protección de nivel monumental, do que deben eliminarse os elementos impropios e fóra do contexto, polo que non se autoriza dispoñer lamas para cubrilos.

As lamas sobre a cuberta tampouco son autorizables toda vez que non está permitido dispór elementos sobre as cubertas dos edificios.

Co mesmo criterio de protección, infórmase favorablemente a retirada do pavés do patio.

Non se permite a publicidade da entidade sobre a cuberta do edificio, que por outra banda, xa está garantida coa prevista na planta baixa.

Respecto do letreiro do *Banco Pastor*, pode manterse na situación actual como referente deste edificio que se construíu como sede da entidade xa desaparecida, e que lle dá o nome co que se coñece.

Deberá requirirse á interesada para que presente a documentación que recolla o informado por esta Comisión.

27. Rúa Cantón pequeno , núm.1.

Nivel de protección: I Monumental .Ficha núm. 8420201

Actuación proxectada: Colocar tornos no acceso ao edificio e instalar bandeirolas.

Obxecto da consulta: Estudo das 3 opcións que se achegan.

Ditame:

Infórmase desfavorablemente a instalación dos tornos de aluminio que se solicitan porque son incompatibles coa protección do pavimento obxecto de catálogo e tamén coa percepción singular do espazo tamén obxecto de interese e protección.

As bandeirolas que se solicitan axústanse as dimensións e características establecidas no artigo 125 do PEPRI polo que resultan autorizables.

28. Rúa Duran Loriga , núm.10.

Nivel de protección: III Estrutural .Ficha núm. 8421015

Actuación proxectada: Reformar a sala do cine do edificio municipal.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta que se achega, nomeadamente, a evacuación da ventilación polo elemento existente na fachada.

Ditame:

Infórmase favorablemente a intervención que se solicita coa ventilación a través da reixa da fachada que xa existe na actualidade.

29. Praza Vista , núm.5.

Nivel de protección: IV Ambiental .Ficha núm. 8423511. AC y TF

Actuación proxectada: Substitución da galería.

Obxecto da consulta: Avaliar as propostas que se achegan (Dúas opcións unha delas en PVC.)

Ditame:

A galería debe tratarse reproducindo a existente ou dispoñendo unha de características máis lixeiras, coas seguintes condicións:

- A carpintería será de madeira pintada de cor branca.
- A apertura das ventás será co sistema de guillotina.
- O acristalamento será sinxelo.

Os sistemas de illamento realizaranse na muro da fachada do edificio ou no interior deste.

Deberá axuntarse á solicitude o documento técnico que recolla a solución que se proxecte e as características da galería consonte o informado pola Comisión.

30. Rúa Santiago , núm.2.

Nivel de protección: II Integral .Ficha núm. 9222001

Actuación proxectada: Conservación e mantemento das fachadas.

Obxecto da consulta: Avaliar as obras.

Ditame:

As obras que se proxectan son de conservación e mantemento polo que se informan favorablemente sempre que se utilicen as cores actuais e se traten os elementos segundo requiran as condicións e características de cada un deles.

Non se autorizan outras intervencións neste edificio que non sexan as de conservación e mantemento.

31. Tala da Phoenix Canariensis da avda. Marina e de canellón da Estacada afectada por Rhychoporus Ferrugineus

Nivel de protección: Xardinería e arboredo protexido. Nivel de catalogación X.24 (Palmeira do canellón da Estacada).

Actuación proxectada: Tala e retirada da Phoenix Canariensis e substitución por outra especie

Obxecto da Consulta: Informe sobre a aparición de Rhynchoporus ferrugineus Oliver no exemplar de Phoenix canariensis L da Avenida da Mariña. A Coruña”, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Iglesias Suárez, (Althenia) do 28.10.2021, sobre o nivel de afectación de Nivel 3 sobre 5, que implica un tipo curativo de intensidade alta.

Ditame:

Non se avalía por razón da súa especificidade a análise botánica do informe.

A normativa vixente, segundo recolle o informe da Oficina Técnica do Servizo IEDU, dispón:

- art. 6.8.6 do PXOM:

El arbolado existente en los espacios libres públicos, viales, etc., aunque no estén calificados como zonas verdes, debe ser conservado y mantenido.

Toda pérdida de arbolado en la vía pública debe de ser repuesta de forma inmediata.

Cuando una obra pueda afectar a algún ejemplar arbóreo público o privado, se indicará en la solicitud de licencia correspondiente, señalando su situación en los planos de estado actual que se aporten, debiendo proveer de las medidas necesarias para su protección y conservación durante la ejecución de las obras.

Si por alguna causa fuere necesario eliminar algún ejemplar existente en la vía pública, será obligatoria su sustitución por otro de porte y especie adecuados a las dimensiones y características de la vía pública.

- art. 45 do PEPRI:

1. O arboredo catalogado e o existente de porte significativo no espazo público ou privado deberá conservarse, coidarse e protexerse das pragas e das accións que puidesen ocasionar a súa destrución parcial ou total; sendo precisa para a corta ou replantación a previa solicitude de autorización ao Concello, garantindo que estas actuacións non afecten a estruturas arqueolóxicas ou históricas.

2. Cando unha obra poda afectar a algunha árbore da vía pública acomodarse o proxecto de obra para evitar o seu deterioro ou, se puidesen ser reemplazados, incluírase na licenza da obra a obriga de repoñer as árbores que houberen de afectarse pola mesma, con plantación de igual número, especies e porte suficiente e por conta do promotor das obras. Igual consideración terase co arboredo significativo existente nos espazos libres privados.

Respecto da inclusión do exemplar de que se trata, ponse de relevancia o contido da publicación municipal A árbore na cidade da autoría de Pascuala Campos, referida a este e considerada para a súa protección singular.

Malia isto, o informe recolle a grave afección do exemplar por Rhynchoporus ferrugineus Oliver, vulgarmente picudo vermello, que fai presaxiar a súa fin, e tamén o risco de contaxio doutras árbores desta especie, relativamente próximas, nos xardíns de Méndez Núñez.

Polo que, ante o fracaso do seu mantemento e conservación, e a dificultade da súa curación, a comisión informa favorablemente a súa tala.

No que respecta a substitución por un exemplar doutra especie, a Comisión pon de relevancia as características desta polo seu significado.

Trátase dun exemplar único, polas súas características, e tamén polo significado da súa implantación como especie exótica con referencia a edificios institucionais de interese e a espazos públicos de especial relevancia na cidade. Razón esta pola que mereceu, e merece, unha especial tutela cara a súa conservación e mantemento.

A relación dos exemplares arbóreos coa arquitectura e os espazos da cidade de especial relevancia aconsella a súa substitución por outra da mesma especie e de porte suficiente, considerando que a configuración da súa copa, a súa folla perenne, o seu porte esvelto e a altura que acada, permite unha mellor visibilidade dos edificios e os espazos de interese.

Ademais, segundo se apuntou, da singularidade exótica da especie que significa os contornos nos que se ubica.

Por isto, a comisión rexeita a substitución por exemplares das especies propostas e informa a procedencia da substitución por outro exemplar da mesma especie, de porte suficiente e no primeiro período estacional que a plantación de esta especie o permita.

As obrigas de mantemento e conservación deberán dirixirse a unha intervención inmediata das afeccións que se produzan e a evitar os contaxios ou propagacións a outros exemplares.

32. Praza Pontevedra, núm: 21.

Nivel de protección: Integral. Ficha núm: 8121002

Actuación proxectada: Cambio das varandas do CEIP Eusebio da Garda.

Obxecto da consulta: Compatibilidade con este nivel de protección, nomeadamente ao dispor unha varanda de vidro recuada 2 cm da carpintería existente.

Ditame:

A solución que se propón para mellorar a seguridade do alumnado colocando o vidro que se proxecta produce unha percepción de brillos na fachada do edificio e un aspecto desta de sucidade co paso do tempo, e respecto da seguridade, esta pode lograrse eficazmente coa disposición dunha segunda barra, polo que a Comisión recomenda colocar dúas barrar en vez do elemento de cristal.

33. Rúa Rego da Auga, núm. 56 (Baixo e primeiro)

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm.: 8824506.

Actuación proxectada: Reforma de baixo e primeiro.

Obxecto da consulta: Modificación da composición da carpintería exterior da fiestraxe da 1ª planta.

Ditame:

A modificación da composición da carpintería que se proxecta resulta compatible co nivel de protección deste edificio, polo que se informa favorablemente.

34. Rúa Real; núm. 18 (Fachada a Galera)

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm.: 8723009.

Actuación proxectada: Mantemento da galería da rúa Galera.

Obxecto da consulta: condicións das obras de mantemento e conservación

Ditame:

As obras de conservación e mantemento dos elementos protexidos resulta autorizable en todo caso sempre que non se modifiquen os elementos protexidos e sempre que non supoña a substitución de pezas.

Neste caso deberá acreditarse documentalmente a imposibilidade de recuperalas coa súa restauración e deberá limitarse a unha substitución puntual que terá que xustificarse e solicitarse expresamente.

35. Rúa Orzán núm.159-161.

Nivel de protección: sen protección singular.

Actuación proxectada: Rehabilitación fachada co sistema de illamento SATE acabado con cor branca.

Obxecto da consulta: Cumprimento da normativa da proposta de substituír as varandas metálicas por outras de vidro laminar con soporte de aceiro e remate dos medianís co mesmo material cá fachada.

Ditame:

Admítese nos edificios que non contan con protección singular ou específica, nin inciden nunha contorna urbana obxecto de protección nin na súa estética, o sistema de illamento coa técnica SATE, polo que se consideran autorizables as obras que se solicitan, baixo a condición de que para o acabado e tonalidade a utilizar sexa da gama da cor óso ou das previstas no artigo 107 do PEPRI.

Deberá garantirse a reposición da funcionalidade das instalacións, en caso de afectarse estas.

36. Rúa San Andrés núm: 14-16

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 872410301:(Portal, escaleira e pasamáns.)

Actuación proxectada: : Instalación ascensor

Obxecto da consulta: compatibilidade co nivel integral de protección, reducir o ancho da escaleira da planta baixa e da parte das varandas nas plantas altas para facilitar a saída do ascensor. Estudo de outras opcións.

Ditame:

As escaleiras, o portal e o pasamáns deste edificio que conta con protección de nivel integral, atópanse singularmente protexidos, polo que non se autorizará intervir nas escaleiras para reducilas afectando ademais as condicións de seguridade da evacuación, nin eliminar o

pasamáns. Dito isto, e toda vez que neste caso, no que as vivendas contan cun bo tamaño e existe un local en planta baixa, semella mais axeitado escoller algunha das opcións que se presentan graficamente na propia consulta para instalar un ascensor ocupando outros espazos sen afectar a escaleira.

37. Rúa Amargura, núm: 9.

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 9223204.

Actuación proxectada: Mellora da envolvente do inmovible, (fachada e cuberta) .

Obxecto da consulta: Condicións das carpintarías da fachada e da cuberta.

Ditame:

Para avaliar o proxecto para mellorar a envolvente deste inmovible deberá achegarse a documentación técnica que permita coñecer os elementos da cuberta existente e os que pretenden utilizar, así como os despeses da carpintería; a descrición das características destes e a xustificación de que se acomodan coa normativa do PEPRI.

As modificacións da carpintería autorizaranse sempre que:

- Sexan de madeira pintada, (art. 115.1 PEPRI).
- Os cristais sexan simples para non alterar modificarán as características da carpintería existente.

38. Rúa Nova num.21.

Nivel de protección: Sen protección singular

Actuación proxectada: Reforma da fachada e planta baixo cuberta existente.

Obxecto da consulta: viabilidade da proposta de cuberta, dos materiais e deseño en planta baixa, así como da composición da fachada.

Ditame:

As obras que se proxectan para reformar a planta baixo cuberta non son admisibles toda vez que producen un incremento do volume existente e non eliminan os corpos engadidos fóra de contexto.

No que respecta a carpintería que se propón infórmase favorablemente para este edificio que non conta con protección específica nin se atopa na zona de respecto.

O uso do aplacado no edificio prohibese expresamente no artigo 106.3 do PEPRI.

As cores dos acabados serán as que establece o artigo 107 do PEPRI.

39. Praza María Pita, núm. 20.

Nivel de protección: I, Monumental. Ficha núm. 9023202

Actuación proxectada: Impermeabilización da terraza.

Obxecto da consulta: Condicións das obras de mantemento e conservación

Ditame:

A impermeabilización da terraza deste edificio infórmase favorablemente ao considerarse que non vulnera o réxime da protección ambiental.

As obras limitaranse á súa conservación e mantemento.

40. Rúa Orzán, núm.154

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 83220. Tratamento Baixo (TB)

Actuación proxectada: Reestruturar a vivenda unifamiliar.

Obxecto da consulta: Admisibilidade das obras de baleirado integral do edificio e derruba dos muros da fachada da planta baixa, e da substitución da cuberta a catro augas.

Ditame:

As obras que se proxectan neste edificio que conta con protección de nivel ambiental e co portal singularmente protexido, teñen por obxecto o seu baleirado interior, a derruba dos muros da fachada da planta baixa e a substitución da cuberta de 4 augas sen que se documente o pombal existente.

Para avaliar o proxecto que se achegou coa solicitude deberá realizarse unha inspección técnica polo servizo municipal; sen prexuízo disto, lémbrese que o muro da fachada do edificio tras a galería debe conservarse, toda vez que esta é un corpo acristalado que se dispón sobre a fachada.

41. Praza Pontevedra núm.21

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8121002

Actuación proxectada: Rehabilitación integral do edificio do CEIP Eusebio da Garda.

Obxecto da consulta: Compatibilidade das obras proxectadas co nivel de protección integral.

Ditame:

As obras que se proxectan para mellorar a conservación, funcionalidade e mantemento do edificio non catalogado do conxunto do CEIP Eusebio da Garda, infórmanse favorablemente coas seguintes condicións:

A cuberta que se substitúe non pode incrementar a altura da cumieira porque incrementa a súa presenza sobre o edificio posterior protexido.

As baixantes deben dispoñerse verticalmente, evitando crebaduras, con materiais que melloren a dignidade da fachada, que non serán nin PVC nin uralita.

Deberá limparse ou sanear a cornixa existente.

O acabado da fachada que se illará coa técnica SATE deberá harmonizar co conxunto.

A carpintería exterior das ventás deberán igualarse coas das ventás do edificio lindeiro, en aluminio lacado verde.

A substitución da cuberta do ximnasio deberá observar a simetría do edificio lindeiro.

42. Rúa Cordonería, núm. 16.

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8725010. Tratamento Baixo (TB)

Actuación proxectada: Informe da viabilidade de instalar un ascensor e reformar o baixo.

Obxecto da consulta: compatibilidade das obras proxectadas coa protección singular da escaleira.

Ditame:

A escaleira deste edificio que conta con protección de nivel ambiental, atópase singularmente protexida e non se autorizará a súa eliminación nin intervencións que empeoren as condicións de seguridade da evacuación, polo que deberán avaliarse outras opcións para instalar o ascensor.

O uso do aplacado no edificio prohibese expresamente no artigo 106.3 do PEPRI.

As cores dos acabados serán as que establece o artigo 107 do PEPRI.

As modificacións da carpintería en edificios catalogados autorizaranse sempre que:

- Sexan de madeira pintada. Art. 115.1 PEPRI
- Os cristais sexan simples para non alterar modificarán as características da carpintería existente.
- Se achegue a documentación que defina os vans, os materiais e as cores.

43. Rúa Perillana, núm.8

Nivel de protección: V Ambiental. Ficha núm. 8321327

Actuación proxectada: Substituír as carpintarías exteriores de aluminio con divisións por outras de aluminio sen divisións.

Obxecto da consulta: Aplicación do art. 115 do PEPRI ante a protección ambiental de conxunto.

Ditame:

Este edificio conta con protección de nivel ambiental e as obras proxectadas teñen por obxecto cambiar a totalidade da carpintería de aluminio por outra deste material, porén o artigo 115.1 establece que nos edificios catalogados autorizaranse exclusivamente carpintería exterior de madeira pintada, sen que se permita a substitución da existente por outra de aluminio ou outro material.

Polo que se informa o solicitado desfavorablemente.

44. Praza Pontevedra, núm.2

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8220006.

Actuación proxectada: Informe sobre a viabilidade de xuntar a planta baixa e a primeira (unión funcional)

Obxecto da consulta: Alcance da unión funcional consonte o art. 89 bis.

Ditame:

As obras que se proxecten para implantar o uso de interese deberán respectar os elementos obxecto de protección deste edificio, que conta co nivel de protección estrutural, é dicir, a súa estrutura e os elementos de comunicación nesta, de xeito que a avaliación da posibilidade de autorizalas ou non virá referida ao proxecto arquitectónico que se achegue.

As unións funcionais regúlanse no artigo 89 bis e permítense en edificios lindeiros destinados ao mesmo uso sempre que da súa execución non se derive menoscabo dos valores que se protexen nin afecte ao patrimonio arqueolóxico.

Neste caso, non é autorizable.

O proxecto das escaleiras e o ascensor que se solicitan deberan xustificar a súa funcionalidade e o cumprimento da normativa urbanística e sectorial, CTE e accesibilidade, entre outras.

45. Rúa Orzan, núm. 24

Nivel de protección: III Estructural. Ficha núm. 9223207

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio

Obxecto da consulta: Estudo da documentación achegada consonte o ditame do 12.03.2021

Ditame:

A nova documentación que se achegou consonte o contido do ditame anterior confórmase coa normativa, polo que se informa favorablemente.

46. Rúa Estreita San Andrés, núm.20

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha núm.8725501. (AC);(TF)

Actuación proxectada: Rehabilitación cuberta.

Obxecto da consulta: Avaliar as obras que se proxectan e alcance da obriga do AC

Ditame:

A cuberta deste edificio e a situación das plantas engadidas non se acomodan coa normativa de aplicación, polo que só poden autorizarse obras de conservación e mantemento.

Se proxectan dispor outros elementos ou introducir variacións, deberase cumprir a obriga de axustar a cuberta á normativa de aplicación e tratar a fachada de conformidade co establecido.

Polo que se informa desfavorablemente o solicitado sempre e cando as obras excedan as de mantemento e conservación.

47. Rúa Parrote núm. 8.

Nivel de protección: Sen protección singular.

Actuación proxectada: Conservación da cuberta.

Obxecto da consulta: Condicións das obras na cuberta na contorna da CV.

Ditame:

Autorizaranse as obras de conservación da cuberta existente para garantir o seu mantemento.
As obras limitaranse a conservación e mantemento.

48. Rúa Capitán Troncoso nº. 8, 3º-D.

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9223104.

Actuación proxectada: Remodelación interior da vivenda.

Obxecto da consulta: Admisibilidade de substituír as carpintarías exteriores e o entaboado de madeira existente ante a protección ambiental.

Ditame:

As obras que se proxectan teñen por obxecto recuperar os postes dos balcóns en harmonía cos do edificio lindeiro, o que resulta compatible co nivel de protección ambiental e co conxunto urbano, polo que se informan favorablemente.

As obras de reforma interior non inciden no exterior do edificio nin alteran a súa envolvente polo que resultan autorizables.

49. Rúa Galera, núm. 52.

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8724043. (TB): (PEG)

Actuación proxectada: Cambio da cuberta mantendo as pendentes e o volume actual.

Obxecto da consulta: Estudar a composición da cuberta que se proxecta substituír polo mal estado de conservación e do reforzo dos elementos estruturais con perfís metálicos intermedios.

Ditame:

A substitución e reforzo da cuberta deste edificio, en mal estado de conservación segundo se documenta, nas condicións que se proxectan son compatibles coa conservación e mantemento deste inmovible que conta con protección de nivel ambiental.

50. Rúa Real , núm.41-3º.

Nivel de protección: III Estructural .Ficha núm. 8823997

Actuación proxectada: Substitución da galería

Obxecto da consulta: Avaliar a admisibilidade de substituír a galería en mal estado de conservación.

Ditame:

A galería en mal estado de conservación, segundo se documenta, pode substituírse logo de acreditar a imposibilidade doutra intervención, por outra das mesmas características cá que existe actualmente.

51. Rúa San Andrés núm. 114-117 B

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 8421235

Actuación proxectada: Acondicionamento do local para destinalo a centro de formación

Obxecto da consulta: Compatibilidade da proposta de manter as carpintarías exteriores fixas de aluminio encastadas co cumprimento da normativa.

Ditame:

Este edificio conta con protección de nivel ambiental e as obras proxectadas teñen por obxecto cambiar a totalidade da carpintería de aluminio por outra deste material, porén o artigo 115.1 establece que nos edificios catalogados autorizaranse exclusivamente carpintería exterior de madeira pintada, sen que se permita a substitución da existente por outra de aluminio ou outro material.

Polo que se informa o solicitado desfavorablemente.

52. Rúa Real, núm. 44-46

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8622314. TA, TF, TB

Actuación proxectada: Rehabilitación integral e reestruturación do edificio.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta e apertura dos ocos na medianeira.

Ditame:

As obras que se proxectan son de reestruturación do edificio, que conta con protección de nivel estrutural, alteran a súa estrutura e incrementan o volume existente polo que non poden ser autorizadas.

Desaparece o patio e increméntase o volume edificado ao fondo, e non se xustifican as perforacións no muro.

Pola outra banda, o número de cuartos que se dispoñen nas vivendas non xustifican o cumprimento da normativa de habitabilidade, a iluminación e a ventilación das estancias e tampouco a accesibilidade, polo que se informan desfavorablemente.

53. Rúa Rego da Auga, núm. 4

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8924515. Galería *

Actuación proxectada: Pintar a galería.

Obxecto da consulta: Condicións da intervención na galería que conta con especial protección.

Ditame:

A galería deste edificio que conta con protección de nivel estrutural está protexida especificamente, polo que as obras deberán limitarse a súa conservación e mantemento.

Autorízase o seu pintado nas mesmas condicións da orixinal do inmovible.

Se precisara reparar algún elemento nomeadamente, presentárase previamente a documentación que conteña os detalles construtivos deles.

54. Praza Parrote nº 3

Nivel de protección: Ambiental. Ficha núm. 9222203

Actuación proxectada: Reestruturar o edificio.

Obxecto da consulta: Avaliar o oco que se proxecta na cuberta consonte a nova documentación que se achega.

Ditame:

As obras que se proxectan para reestruturar este edificio poden autorizarse sempre que se dispoña o oco da cuberta no seu faldrón traseiro, e que a carpintería se dispoña con madeira pintada consonte o artigo 115.1 do PEPRI.

Para avaliar se as obras son admisibles achegárase unha reportaxe completa da escaleira e a xustificación da intervención.

55. Placa Campionato internacional de marcha

Nivel de protección: diverso, espazo público.

Actuación proxectada: colocar a placa do campionato internacional de marcha outorgada ao concello.

Obxecto da consulta: Estudar o mellor emprazamento

Ditame:

Logo de avaliar a proposta a comisión acorda que a mellor opción para colocar a placa é na beirarrúa do tramo do paseo dos xardíns Méndez Núñez, á altura do Obelisco, de preferirse este punto do percorrido.

56. Trazo do Camiño Inglés.

Nivel de protección: diverso, espazo público, fachadas de edificios de interese singular.

Actuación proxectada: Proxecto de mellora da sinalización no trazo do Camiño Inglés que achega a Consellería de Turismo e a proposta da Asociación de concellos do Camiño de Santiago.

Mellorar a sinalización que existe.

Obxecto da consulta: Estudo do proxecto da Xunta de Galicia e da proposta da asociación de Concellos, de reforzo e mellora da sinalización no trazo do Camiño inglés.

Segundo o proxecto que promove a administración autonómica, o que se pretende é o reforzo da sinalización conforme á Orde do 5 de novembro de 2015, pola que se modifica o Manual de sinalización turística de Galicia aprobado polo Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, e se regula a imaxe e sinalización do Camiño de Santiago. Desta forma, o peregrino terá a información necesaria no seu percorrido polo Concello da Coruña.

Para elo empregaranse sinais verticais, cunchas de bronce e cunchas cerámicas con frecha en paramentos verticais.

O documento que presentou a Asociación de Concellos do Camiño Inglés, separata de actuacións no concello da Coruña do Proxecto técnico de actuacións de mellora e posta en valor do camiño inglés, ten por obxecto mellorar a imaxe do Camiño Inglés na traza de cada un dos Concellos .

Para o coñecemento preciso destes proxectos de reforzo e mellora xúntase esta documentación coa orde do día.

Ditame:

Os proxectos que se achegan infórmanse favorablemente coas condicións seguintes:

- Nos tramos de empedrado catalogados non poderán dispoñerse máis que nas xuntas das lousas. Con carácter xeral, non poden afectar nin producir danos nas lousas de pedra.
- No arco da praza de María Pita que se indica no documento, o sinal deberá dispoñerse no chan.

57. Rúa Porta de Aires, núm.8.

Nivel de protección: IV Ambiental .Ficha núm. 9224406, AC.

Actuación proxectada: Instalar un ascensor.

Obxecto da consulta: Avaliar o oco proxectado para implantar a instalación.

Ditame:

As obras que se proxectan non eliminan os elementos descontextualizados na cuberta segundo esixe o artigo 71 do PEPRI, polo que non se acomoda a normativa e se informan desfavorablemente.

Tampouco non se acomodan á normativa de habitabilidade que se somete ao informe do servizo municipal.

58. Rúa Orillamar núm.18.

Nivel de protección: IV Ambiental .Ficha núm. 9228015.

Actuación proxectada: Pintar a galería.

Obxecto da consulta: Avaliar as condicións a impoñer neste caso.

Ditame:

A galería deste edificio que conta con protección de nivel ambiental deberá conservarse e manterse.

Autorízase o seu pintado nas mesmas condicións da orixinal do inmovible, a pintura será mate, sen brillos.

Se precisara reparar algún elemento concreto, presentarase previamente a documentación que conteña os seus detalles construtivos.

59. Rúa Montoto núm.8.

Nivel de protección: I Monumental .Ficha núm. 9023203.

Actuación proxectada: Pintar e selar galería.

Obxecto da consulta: Avaliar as condicións a impoñer neste caso.

Ditame:

A galería deste edificio que conta con protección de nivel monumental deberá conservarse e manterse.

Autorízase o seu pintado nas mesmas condicións da orixinal do inmovible, a pintura será mate, sen brillos.

Se precisara reparar algún elemento nomeadamente, presentárase previamente a documentación que conteña os seus detalles construtivos.

60. Praza María Pita núm.6.

Nivel de protección: I Monumental .Ficha núm. 9124401.

Actuación proxectada: Reparar e manter a galería, nomeadamente a cornixa e substituír a viga de atado.

Obxecto da consulta: Avaliar as condicións a impoñer neste caso.

Ditame:

A intervención para reparar e manter a galería deste edificio que conta con protección de nivel monumental resulta autorizable sempre que se documente axeitadamente no proxecto arquitectónico que deberá achegarse, toda vez que se trata dunha reforma estrutural con substitución dunha viga de atado.